

A GATA

Fina Casalderrey Fraga

Disme gata sedutora
 porque nos meus ollos non hai bágoas
 que che falen de traxedias;
 porque me río da escena
 que nós mesmas compoñemos;
 porque son transgresora de tristezas,
 de actitudes que destrúen.

Disme gata subversiva
 porque non son a pomba equivocada
 que confunde trigo e auga;
 porque quero descubrir
 o auténtico recendo das mazás;
 porque soño encher as mans de sal novo
 sen ánimo nostáxico.

Disme que son gata ousada
 porque xuro sepultar este *chador*
 e ser á fin nación independente;
 porque atraveso as dunas do silencio
 e fuxirei das mil e unha noites;
 porque me nego a ser danza do ventre
 e poño ás á miña voz.

E aínda me dis gata intrusa
 porque entrarei directa no misterio;
 porque hei poder desconxelar futuros
 pancadiña a pancadiña;
 porque xa non quero ser
 un escuro reflexo de min mesma,
 personaxe de ficción,
 negra sombra...
 Gata... hmm!

Eu, gata.
 E tí?
 Ti non es persoa!



COMENTARIO PARA O POEMA A GATA

Nunha ocasión quedei prendida dunha fotografía durante varios minutos. En branco e negro mostraba unha ringleira de mulleres musulmás, de costas, atravesando o inmenso deserto do Sáhara. Alí, embebida perante aquela sorte de obra de arte, podía escoitar as súas pisadas descalzas, as súas respiracións... e intuír cada un daqueles dramas persoais de opresión e miseria e, naquel silencio, pareceume oír un grito colectivo de rebeldía. Todas vestían de escuro, de igual coma reclusas. Enfundadas en roupas que ocultaban os seus corpos e os seus rostros, camiñaban cal ánimas do purgatorio nunha sorte de Santa Compañía interminable.

Unha delas, a última da ringleira, que aparecía ante min en primeiro plano, presentábase xirada cara á cámara, cara a min; só se lle vía a fronte e os ollos, pero pareceume unha muller fermosísima que, no instante que a foto retivo, desafiaba ao fotógrafo que a estaba inmortalizando cunha ollada altiva, desafiante... unha ollada felina, de gata. E eu, ousada aprendiz de poeta, quixen ser a voz do grito retido daquela GATA.

Oxalá algún día o mundo enteiro acepte o que asegurou Margarita Rivière cando dixo: "*A lóxica da mestizaxe non é masculina ou feminina, senón algo compartido por tódolos que ven a pluralidade infinita da realidade.* E eu tan só engado que ao mellor é certo iso de que as grandes mentes son andróxinas, capaces de, nun enriquecemento mutuo, actuar por riba do xénero sen o negar.

As mulleres, coma as leis, non están para seren violadas.